



RESOLUCIÓN pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso para a avaliación da actividade investigadora do persoal investigador distinguido contratado pola Axencia Galega de Innovación, no marco do programa Oportunius

En virtude do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos e de acordo co establecido no artigo 2 da Orde do 29 de agosto de 2018 que establece o procedemento e o baremo para a avaliación da actividade investigadora de persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 181, do 21 de setembro), esta Dirección

RESOLVE:

Aprobar a relación provisional de admitidos e excluídos para o proceso de avaliación da actividade investigadora do persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación no marco do programa Oportunius (ver anexo).

Contra esta resolución as persoas interesadas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas para emendar erros.

De acordo co artigo 5 parágrafo 1º da Orde de 29 de agosto de 2018, a relación de aspirantes excluídos e admitidos pode consultarse na páxina web da Axencia Galega de Innovación (gain.xunta.gal), na epígrafe Axencia/Transparencia/Avaliacións Oportunius/2025.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa non admisión serán definitivamente excluídos/as previa resolución ditada ao efecto.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2025

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo



ANEXO

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario oficial de Galicia do 21 de setembro de 2018
(Núm. 181)

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF
Copeman	Jacob	****8658*
Montenegro García	Javier	***6851**
Woodhoo	Ashwin	****2386*